



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Taller de Análise Cualitativo	Código	615518015	
Titulación	Mestrado Universitario en Socioloxía Aplicada: Investigación Social e de Mercados			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinación	Masso Lago, Matilde	Correo electrónico	m.massos@udc.es	
Profesorado	Cardesin Diaz, Jose Maria Masso Lago, Matilde	Correo electrónico	j.m.cardesin@udc.es m.massos@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Dominar nun nivel de postgrado os coñecementos, as ferramentas e os procedementos da investigación social e de mercados aplicándoos á solución de problemas e necesidades
A2	Aplicar os procesos e protocolos de captación de información necesarios para observar e analizar de forma correcta e propia dun nivel avanzado o comportamento dos usuarios ou consumidores
A3	Ser quen de deseñar un proceso de investigación de carácter empírico demostrando dominio no uso de técnicas de investigación cuantitativas e/ou cualitativas
A4	Ser quen de discriminar a técnica de investigación axeitada ao problema plantexado
A5	Ter capacidade para identificar, nun nivel de postgrado, a relevancia dos distintos factores relacionados cos contornos sociais, os mercados e os consumidores que deben ser tidos en conta na investigación
A6	Análisis crítico das sociedades de consumo actuais que permita coñecer a estruturación e o significado social do consumo
A7	Ser quen de xustificar unha axeitada segmentación e selección do público obxectivo
A8	Ter capacidade para traballar críticamente con fontes de datos, metodoloxías e técnicas de investigación científica e ferramentas informáticas propias da investigación social e de mercados
A9	Ter capacidade para integrar e aplicar as novas tendencias en investigación social e de mercados de xeito rentable e efectivo na empresa, as administracións ou outras organizacións
A10	Ser quen de redactar, presentar e defender documentos e informes de investigación social e de mercados
A11	Coñecer, nun nivel avanzado, os mercados e os consumidores, apreciando a diversidade dos seus enfoques
B1	Posuer e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a cotío nun contexto de investigación
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (o multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
B3	Que os estudantes sexan quen de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partires de unha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vencelladas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüedades
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo
B6	Ser quen de buscar, xestionar, analizar e sintetizar a información, seleccionando aquela que resulta pertinente para a toma de decisións
B7	Ter capacidade creativa, proactiva e emprendedora
B8	Ser quen de integrar as NTICs (Novas Tecnoloxías da Información e as Comunicacions) na tarefa profesional e/ou investigadora



B9	Ter capacidade de analizar críticamente tanto o traballo propio como o dos compañeiros
B10	Ser quen de traballar en equipo eficaz e eficientemente
B11	Ser quen de asumir responsabilidades tanto individuais como colectivas na tarefa investigadora ou profesional
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
C3	Utilizar as ferramentas básicas das TIC necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da vida
C6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Identificar e explicar as principais características do enfoque relacional	AM1 AM2 AM5 AM8	BM1 BM2	
Recoñecer as características dos datos relacionais	AM1 AM2 AM4	BM11	CM1 CM3 CM6
Identificar os distintos tipos de grafos e matrices e as operacións que poden facerse coas mesmas	AM1 AM2 AM4 AM8	BM1 BM2 BM6 BM8	CM1
Calcular e interpretar as propiedades básicas das redes e dos actores	AM1 AM2 AM4 AM8	BM1 BM2 BM6 BM8	
Describir, calcular e interpretar as medidas de centralidad co programa UCINET	AM1 AM2 AM4 AM8	BM1 BM2 BM8	CM3 CM6
Aplicar a metodoloxía de redes a un proxecto de investigación concreto	AM3 AM4 AM6 AM7 AM9 AM10 AM11	BM1 BM2 BM3 BM4 BM5 BM7 BM8 BM9 BM10	CM1 CM2 CM3 CM6 CM8
Identificar a natureza espacial do comportamento social	AM1 AM2 AM5 AM6	BM1 BM2	
Desenvolver as técnicas de traballo de campo dirixidas ao mapeado de datos	AM1 AM2 AM3 AM4 AM7	BM2 BM10	



Aplicar as ferramentas de representación cartográfica	AM1	BM2	
	AM4	BM8	
	AM8		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Introducción ó análise de redes sociais (ARS)	<ul style="list-style-type: none"> -As características do enfoque relacional -Nodos, poboacións, mostras e límites -Modalidades e niveis de análise -Relacións
Tema 2. Representación de redes mediante grafos e matrices	<ul style="list-style-type: none"> -Grafos e sociogramas -Tipos de grafos -Características e tipos de matrices -Operacións matemáticas con matrices
Tema 3. As propiedades básicas das redes e dos actores	<ul style="list-style-type: none"> -Conexións -Tamaño, densidade e grado -Accesibilidade, reciprocidade e transitividade -Distancia -Fluxo, cohesión e influencia
Tema 4. Centralidade e poder	<ul style="list-style-type: none"> -As diferentes caras do poder Centralidade de grados, centralidade de cercanía, grado de intermediación, distancias geodésicas, centralidade de fluxo. -Índice de poder de Banach
Tema 5. Cartografía social e Cartografía histórica	<ul style="list-style-type: none"> -Efectos de escala: espazo e tempo -A representación cartográfica de datos sociais -Os datos de arquivo -Fotografía, cine documental e cine ficción -Historia urbana e cartografía histórica
Tema 6. Visita guiada a un centro urbano	<ul style="list-style-type: none"> -A cidade dende o ceo -A cidade da Coruña: familiarizándonos co plano urbano -Cidades a pe, cidades sobre rodas -As técnicas de recollida de datos en campo -Elaborando un diario de campo: o papel da fotografía
Tema 7. Traballando por grupos sobre un sector da cidade	<ul style="list-style-type: none"> -Traballo de campo e observación participante: delimitando un sector -Identificando problemas de investigación -Organizando o traballo -As técnicas de representación: os mapas mentais
Tema 8. A construción dun Atlas	<ul style="list-style-type: none"> -Exposición por grupos na aula -Atlas histórico ou Atlas social -Do papel ao dixital: a representación multimedia -Usamos googlemaps e streetview ou facemos a nosa web?

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A6 A8 A9 A11 B3 B6	10	15	25
Traballos tutelados	A3 A7 A10 B2 B7 B10 B11 C1 C2	15	45	60



Saídas de campo	A3 A4 B1 B2 B3 B9 B10	15	20	35
Prácticas a través de TIC	A1 A2 A5 B1 B4 B5 B6 B8 B9 C3 C6 C8	10	20	30
Atención personalizada		0		0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral sobre a Análise das Redes Sociais e as máis importantes ferramentas de análise complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. O mesmo cabe dicir para un proxecto de investigación baseado no cartografiado de datos sociais
Traballos tutelados	Consistente na realización dun proxecto de investigación no que deberá aplicarse a ARS. Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. O mesmo cabe dicir para un proxecto de investigación baseado no cartografiado de datos sociais
Saídas de campo	Visita guiada pola cidade da Coruña destinada a familiarizarse co plano, definir as técnicas e protocolos de investigación baseadas no uso da cartografía. Organización en grupos para traballar sobre sectores espaciais ou problemas de investigación diversos
Prácticas a través de TIC	Consistente na realización de exercicios prácticos co software UCINET e Egonet para a ARS. As prácticas a través de TICS constitúe unha metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Traballos tutelados Saídas de campo	As sesións magistrales e as discusións en grupo proporcionarán ao alumno material suficiente para resolver con éxito as probas de ensaio (mixtas). Ao longo do curso facilitaranse datos e fontes de datos para axudar á comprensión dos temas. Se recomenda tamén o uso das tutorías individuais para resolver dúbidas achega de como realizar os exames.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A3 A7 A10 B2 B7 B10 B11 C1 C2	A avaliación do curso consistirá na realización de dous traballos de investigación en equipo no que os alumnos deberán aplicar os coñecementos aprendidos o longo do curso.	100

Observacións avaliación
A avaliación constará de dúas partes diferenciadas: A primeira, relativa ao ARS, se avaliará mediante a realización dun traballo en equipo sobre a aplicación da metodoloxía de redes. O resultado representará o 50% da nota final. A segunda, relativa á cartografía social e histórica, se avaliará mediante a realización dun traballo en equipo. O resultado representará o 50% restante da nota final. A nota final calcularase mediante a media aritmética das dúas partes

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Molina, J.L. (2001). El análisis de redes sociales. Una introducción. Edicions Bellaterra - Hanneman R (2015). Introduccion a los métodos de análisis de redes sociales. http://revista-redes.rediris.es/webredes/text.htm - Requena Santos, F. (2003). Análisis de redes sociales orígenes, teorías y aplicaciones. Madrid: CIS - Arnaud, Jean-Luc (2008). Analyse Spatiale, Cartographie et Histoire Urbaine. Editions Parenthèses - Gortari Rabiél, Hira de (coord.) (2012). Morfología de la ciudad de México. El catastro de fines del siglo XIX y de 2000. Estudios de caso. Morfología de la ciudad de México. El catastro de fines del siglo XIX y de 2000. Estudios de caso - Guardia, M., Monclús, F. y José Luis Oyon. (1994). Atlas histórico de las ciudades europeas. La Península Ibérica. Barcelona, Centre de Cultura Contemporània, - Rosales, X.M. (coord.) (2004). Proxecto Terra. Un país, a sua arquitectura e o seu territorio. Santiago, COAG
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - () . Borgatti, Stephen (2003). Ucinet 6. &lt;www.analytictech.com&gt; [Consulta: 23-04-03]. Borgatti, Stephen & Molina, José Luis (2003). "Ethical and Strategic Issues in Organizational Social Network Analysis". The Journal of Applied Behavioral Science, 39(03), 16-45. Borgatti, Stephen P.; Molina, José-Luis (2005). "Toward ethical guidelines for network research in organizations", Social Networks Volume 27, Issue 2 , May 2005, Pages 107-117. Lozares, C. (2005). "Bases socio-metodológicas para el Análisis de Redes Sociales", Empiria 10, Julio-Diciembre [doc]Lozares, Carlos (2005)."Valores, Campos y Capitales", Número especial de Redes, Revista Hispana para el Análisis de Redes Sociales. Servei de publicacions, UABLozares C., (1996). "La teoría de redes sociales", Papers, nº48. [doc]Lozares C.; Verd J. M.; Martí J.; López P. (2003). "Relaciones, redes y discurso: revisión y propuestas en torno al análisis reticular de datos textuales?. REIS nº 101 Enero-Marzo 2003. Pgs.175-200. [doc]Molina, José Luis (2004). "La ciencia de las redes", Apuntes de Ciencia y Tecnología 11, Junio (36-42) [pdf]Wolfe, Alvin W. (1978). The Rise of Network Thinking in Anthropology [pdf]

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise Cualitativa/615518014
 Análise Estatístico de Datos 1/615518010
 Deseño Cualitativo/615518013

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías